



Audioguía de Paisaxe humana e vida rural

Oficios e modos de vida ancestrais, froito da adaptación humana a esta terra de montañas infinitas, definen a Deza-Tabeirós-Montes. Aquí, a labor artesanal e as novas técnicas teñen a mesma base: coidado da natureza e transmisión do bo facer.

En Merza, Vila de Cruces, podemos desfrutar dunha experiencia única cunha Premio Nacional de Artesanía. Trátase da visita ao Obradoiro de Elena Ferro, onde se reinventan os zocos que os seus antepasados vendían polas feiras do Deza e Monterroso. Se o que buscamos é o relax e a tranquilidade podemos facelo no Balneario de Baños da Brea.

En Callobre e Pardemarín, no concello de A Estrada, a terceira xeración dos Villamayor continúa coa produción da mazá autóctona de cepas antigas, como a rabiosa, para facer sidra artesanal. As coidadas plantacións e o lagar tradicional é realvisita obrigada en primavera coa floración e o outono coa recollida. Moi preto, en Berres o legado dos torneiros e cesteiros mantense na sétima xeración do Obradoiro Atalanta, onde converten a madeira en arte. E se te achegas a Sabucedo verás os cabalos salvaxes vixiando os montes da contorna mentres a veciñanza coida as manadas e engalanan a aldea no primeiro fin de semana de xullo para o ancestral ritual da Rapa das Bestas, festa de interese turístico internacional.

Escuadro en Silleda é o expoñente da paisaxe agrogandeira da comarca, a igrexa parroquial románica ou o Pazo de Cascaxide do século XVII conviven con centenarias carballeiras e extensas zonas de pasto e gando e xornadas de traballo de sol e a sol que amosan un territorio vivo desde tempos seculares.

Unha vida rural activa que nos invita a mergullarnos no pasado. En Zobra, Lalín, as labores do campo combinábanse coas mineiras. Alí, as centenarias alvarizas da Serra do Candán seguen hoxe fabricando mel artesanal e podemos descubrir a vida deste lugar cheo de tradicións a través dos roteiros históricos dos muíños ou da minaría na aldea da Trigueira.

Na aldea de A Graña de Tras do Monte en Forcarei, a arquitectura tradicional e as congostras de pedra seca guíannos por bosques centenarios á alvariza e á vella



fábrica da luz ao pe da fervenza. E por último, en Ramil, o camiño real condúcenos -desde Eira da Xoana a Agolada- por extensos prados, vellos alpendres, hórreos e muros ata os famosos pendellos de orixe medieval que dan conta do pasado comercial desta vila. Tres experiencias evocadoras de cómo o ser humano habitou un territorio hostil ao tempo que engaiolante.

Estás nun territorio que traballa e celebra. No que atoparás hortas, pastizais, campos de millo e plantacións de castiñeiro, maceira ou oliveira xunto a palcos da música, adros de festa e carballeiras das merendas onde a veciñanza se reúne en celebracións, romarías e rituais que acompañan o día a día desta terra máxica.